

**ORDENANZA FISCAL Nº 1.1 REGULADORA
DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES
ECONÓMICAS**

Artigo 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

1.- O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo directo de carácter real, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.- De conformidade co artigo 59.1 b), 15.2 e 16 do citado RDL 2/2004, o Concello de Vilagarcía de Arousa acorda a imposición e ordenación deste tributo, segundo as normas que contén a presente ordenanza, en concordancia co disposto nos artigos 78 a 91, ambos inclusive, do RDL 2/2004 e demais disposicións que resultan de aplicación.

Artigo 2.- COEFICIENTE DE PONDERACIÓN

Sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de conformidade co disposto no artigo 86 do RDL 2/2004:

Importe neto da cifra de negocios en euros	Coefficiente Ponderación
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio.	1,31

Artigo 3.- ÍNDICES DE SITUACIÓN

1.- Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación, o Concello de Vilagarcía de Arousa establece a seguinte escala de índices que ponderan a situación física do local, atendendo ás categorías das rúas nas que radique, conforme ao establecido na Ordenanza Fiscal Nº 28 Reguladora da Categoría das Rúas do Concello.

ÍNDICES DE SITUACIÓN	CATEGORÍA DAS RÚAS
2,1	Para rúas de 1ª, 2ª e 3ª categoría.
1,4	Para rúas de 4ª e 5ª categoría.

2.- Cando algunha rúa, por omisión, non figure na Ordenanza Nº 28, aplicaráselle, provisionalmente, o índice de situación máis baixo.

3.- Para determinar o coeficiente de situación, cando sexan varias as vías públicas á que dea a fachada dun establecemento ou local, tomarase o índice de situación que corresponda á vía de categoría superior, sempre que neste exista acceso directo e de normal utilización ao recinto.

4.- No suposto de que, por atoparse en sotos, plantas interiores, etc., os establecementos ou locais carezan propiamente de fachadas á rúa, aplicarase o índice de situación correspondente á categoría da rúa onde se atope o lugar de entrada ou acceso principal.

Artigo 4.- BENEFICIOS FISCAIS

1. Os que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen por cota mínima municipal disfrutarán durante os cinco anos de actividades seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma, dunha bonificación do 50% da cota correspondente

2. A bonificación á que se refire o parágrafo primeiro alcanza á cota tributaria integrada pola cota de Tarifa modificada, no seu caso, pola aplicación do coeficiente e do índice de situación previstos nos Artigos 86 e 87 do RDL 2/2004.

3. Para poder disfrutar da bonificación requírese que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade nin baixo a mesma. Entenderase que as actividades económicas se exerceron anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, excisión ou achega de ramas de actividade.

4. A bonificación establecida neste apartado terá en todo caso carácter rogado, e concederase ós suxeitos pasivos que reúnan as condicións requiridas despois da solicitude, debendo dirixir as súas instancias ao Concello acompañando fotocopia do impreso de alta da actividade no que se faga constar, no apartado habilitado ao efecto que se solicita esta bonificación de conformidade coa normativa aplicable.

5. Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen alomenos un 10%, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido, durante o período impositivo inmediato anterior, ou de aplicación, (os traballadores deberán estar empadroados no termo municipal de Vilagarcía), terán unha bonificación do 50% na cota do imposto para o exercicio para o que se solicite. A empresa deberá cumprir a lexislación, non podendo estar incurso en incumprimento grave de dita lexislación.

De se volver a solicitar esta bonificación, o número de traballadores inicial non poderá ser inferior ao total, incluídos os que deran dereitos á bonificación, que posuía o suxeito pasivo para a bonificación anteriormente aplicada.

Para o cálculo do promedio da plantilla total da empresa e do seu incremento, tomaráanse as persoas empregadas, nos termos que dispoñan a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

Deberán aportar certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social da vida laboral da empresa, acreditativo do especificado, no que conste o número medio de traballadores con contrato indefinido, indicándose a xornada contratada respecto dos períodos impositivos anteriores a aquel en que debe surtir efecto a bonificación.

A bonificación aplicarase a cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refire o apartado 1 deste artigo.

Os interesados deberán efectuar a solicitude antes do devengo do imposto aportando a seguinte documentación que xustifique a contratación indefinida: a) Fotocopia do contrato de traballo indefinido co selo de entrada no INEM; b) fotocopia dos TC1 e TC2; c) copia dos TC1 e TC2 dos traballadores que viñan prestando servizos na empresa”.

6. Establécese unha bonificación do 25% sobre o importe da inversión efectuada en inversión de enerxías renovables, e aplicarase á cota tributaria anual do exercicio fiscal seguinte á aquel no que se finalice a instalación, co límite máximo do 50% da cuota municipal. A bonificación terá que ser solicitada antes do 31 de decembro do exercicio no que finaliza a instalación, para surtir efectos no exercicio seguinte. Á solicitude deberá adxuntarse o proxecto da execución material da instalación ou equipo de aproveitamento de enerxía renovable, así como a correspondente factura detallada da instalación.

7. Terán dereito a unha bonificación da cota do imposto os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

A bonificación a aplicar será a que resulte da seguinte táboa:

% bonificación	nº postos de traballo creados
50	Ata 4
65	De 5 a 10
75	De 11 a 20
80	Máis de 20 (Si o 50% dos traballadores están empadroados no Concello de Vilagarcía de Arousa a bonificación será do 95%)

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

7.1. O 100% dos postos de traballo creados deberán ter carácter indefinido. Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións ratearanse proporcionalmente ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falla, da xornada ordinaria máxima legal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que exerza a actividade.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

7.2. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da bonificación, a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

- Comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego:
 - Informe de Vidal Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria, dende o inicio da actividade.
 - Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
 - Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
 - Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
 - No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, falecemento, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.
 - De ser o caso, certificado de alta profesional en colexio oficial e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.
- Aquela outra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Concello de Vilagarcía de Arousa

7.3. Esta bonificación solicitarase conxuntamente ca bonificación por fomento do emprego prevista para o ICIO (para os casos nos que exista realización de obra) e o IBI, e tramitaranse conxuntamente as tres. Unha vez concedida producirá efectos no exercicio seguinte ao remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO. De non realizarse obra ou instalación algunha, producirá efectos no propio exercicio de inicio de actividade, si se tivese solicitado con anterioridade ao 30 de xuño; ou no inmediato seguinte si se tivese solicitado con posterioridade ao 30 de xuño.

7.4. A bonificación concederáse durante un prazo máximo de tres anos, sempre e cando se manteñan as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade durante tres exercicios presupostarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos esixirá que o suxeito pasivo o poña en coñecemento desta entidade no prazo de un mes desde que se tivese producido dito incumprimento, e suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes. O suxeito pasivo deberá acreditar, a requirimento da entidade local, os empregados existentes durante todo o período do beneficio fiscal.

ENTRADA EN VIGOR

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2024, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Fechas anteriores modificacións:

Publicado BOPPO (modificación coeficiente): 28/12/2000
Publicado BOPPO (modificación coeficiente): 17/12/2001
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOPPO (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOPPO (inclusión Disp Adic): 29/06/2007
PUBLICADO BOPPO (supresión Disp Adic): 27/12/2007
PUBLICADO BOPPO (reordenac. Ordenanzas): 30/12/2013
PUBLICADO BOPPO: 30/12/2014
PUBLICADO BOPPO: 29/12/2015
PUBLICADO BOPPO: 30/12/2016
PUBLICADO BOPPO: 12/12/2018

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOPPO: 27/12/2024